

■ Novoneira, homenaxeado no Courel

Seoane, no municipio de Folgoso do Courel, acolle o 4 de Novembro unha homenaxe ao poeta Uxío Novoneira, falecido o pasado ano. A Asociación de Escritores en Língua Galega organiza un programa de actos que comeza coa plantación dunha árbore nun soute no que tamén se descubrirá unha escultura

comemorativa realizada por Xosé Meixón. A asociación, que dirixe Carlos Mella, entregará a letra E á viúva de Novoneira, Elba Rei. Asimesmo, no centro de Seoane, descubrirase unha rua co nome do escritor. Un xantar de confraternidade rematará co programa de actos desta homenaxe. ♦



José Neira Vilas.

■ Nace o premio Estornela de Teatro Infantil da man de Neira Vilas

Coa finalidade de "estimular a creación teatral e de proporcionarlle a nenas e nenos obras que poidan representar", a Fundación Neira Vilas convoca o primeiro Premio de Teatro Infantil "Estornela". Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais en lingua galega, que se enviarán, antes do 30 de Novembro, en catro exemplares, á sede da Fundación, en Gres, Vila de Cruces, 36587, Pontevedra. Nun sobre aparte débese indicar nome e apelidos do autor ou autora, así como o enderezo e o teléfono. Durante o mes de Decembro fallarase este premio, dotado con 250.000 pesetas e a publicación en Edicións do Castro. A iniciativa, pioneira por tratarse de teatro dirixido aos pequenos, parte da fundación que conducen o autor de *Memorias dun neno labrego* e da súa compañeira e tamén escritora, Anísia Miranda. Para quen queira máis información, pode dirixirse á fundación. ♦

■ Estrean Rexurdimento, unha peza sobre coplas de cego

O Carballiño acolleu o 15 de Outubro a estreia do espectáculo *Rexurdimento. Coplas de cego*, que retoma o xénero da picaresca, co cego Satúrio e o seu galopin Cirilo. A compañía teatral "Novedous", coa dirección de Alfonso Becerra de Becerra,

apresenta unha peza ambientada a finais do XIX na que non faltan visións oníricas de Rosalía, Curros e Ponal, nen tampouco música e cancións de cego. Sinala Basilio Losada que "esta peza de teatro é unha escolma na que o celme popular dos versos de Rosalía conxúgase cabeatamente cos cantares do cego Satúrio, non moi fino no manexo de instrumentos pero cunha voz de home con medio século de vida ás costas e unha longa experiencia de falcatradas e tamén de esperanzas e frustracións". Jouse García, Clara Vázquez, Tamara Cristóbal e Lois Soaxe son os intérpretes deste *Rexurdimento*. ♦

■ Duas semanas para presentarse ao premio Letras da Cal

E continúan convidando aos poetas novos a participar na primeira edición do premio de poesía Letras da Cal, cuxo prazo remata o 31 de Outubro. Independentemente da idade, o que se solicita é que os autores non teñan ningún libro publicado. Os poemaários, que deben ter entre 200 e 500 versos, deben presentarse por quintuplicado ao apartado de cortes da asociación cultural Amaña-Letras da Cal, nº 142, de Santiago de Compostela. Fállase en Decembro. ♦

■ Música de Lapónia en Pontevedra

Remata o Domingo 22 de Outubro a "Semana de Cultura e Natureza Finesa en Pontevedra", que, durante sete días, intentou achegar a cidade do Lérez ao país nórdico. A oferta de cinema, arquitectura e gastronomía, sumouse a música. O teatro Principal acolle o Sábado 21 un concerto de Wimpe, un cantante de *yok*, estilo de música tradicional finesa, que estará acompañado por un conxunto de Lapónia. Até o 22 tamén están abertas as exposicións "Arquitectura de Finlandia", no Auditorio Caixanova, "Luces boreais", na Facultade de Belas Artes, e "O País dos Mil Lagos", na Delegación de Cultura. ♦

■ A Galicia Instamatic, de Vari Caramés, gaña o Luís Ksado

O xuri do premio de creación fotográfica "Luís Ksado" decidiu outorgarlle o galardón a Vari Caramés pola súa serie *Galicia Instamatic*, "unha visión subxectiva, composta por un conxunto de 12 fotografías en cor, nas que se reflicten os símbolos identitarios de Galicia". Os membros do xuri, Manuel López, Chema Conesa, Oliva María Rubio, Peter Marlow e Xurxo Lobato, destacaron "un repertorio visual dos elementos que identifican o país, abordados desde unha linguaxe fotográfica moderna e anovadora". O galardón, que convoca a Deputación da Coruña, seralle entregado o Xoves 19 no teatro Colón nun acto no que tamén se entregará a Ramón Caamaño unha distinción como "valor consagrado da fotografía na Galiza". O "Luís Ksado" está

dotado dun millón de pesetas e dunha estatufina criada por Acisclo Manzano e Xaime Quessada. ♦

■ Morre Tito Gómez, cantante cubano de orixe galega

En 1953 Tito Gómez gravaba coa orquestra Riverside o tema *Vereda tropical*, que se converteu nun dos máis populares da década chegados desde Cuba, e que fixo deste cantante unha das voces máis coñecidas da illa. En realidade Tito, de orixe galega, chamábase Xosé Antón Tenreiro Gómez, aínda que adoptou un nome artístico desde moi novo. Faleceu o Domingo 15 de Outubro na Habana con oitenta anos. Puxo voz tamén a outras cancións moi populares como *Namiciá fría* ou *Yayabo*. Poucos meses antes de morrer saíu ao mercado unha compilación dos seus temas máis coñecidos no que participaron outros artistas cubanos. ♦

■ Inaugurouse en Córdoba a retrospectiva de Luís Seoane

A mostra "Luís Seoane. Pinturas, debuxos e gravados" continúa a súa andaina pola Arxentina, agora no Museo Provincial de Belas Artes "Emilio Caraffa" da cidade de Córdoba. Tras pasar polo CGAC de Compostela e polo Museo de Arte Moderno de Bos Aires, inaugurouse en Córdoba o 17 de Outubro. O comisario desta mostra é Valeriano Boza quen sinala para a ocasión que "é difícil abarcar cunha soa ollada as diversas e fecundas actividades que ocuparon a Seoane". ♦

■ Mostra das esculturas finalistas do 'Xoán Piñeiro'

O Museo Quiñones de León acolle desde o pasado 13 de Outubro a mostra dos traballos finalistas do I Premio de Escultura "Xoán Piñeiro", cuxo fallo darase a coñecer o vindeiro 27 de Outubro. O premio consiste na edición de sete exemplares orixinais en bronce máis unha proba do artista, a publicación dun catálogo e unha exposición individual no prazo de un ano nunha sala do país. O xuri está formado polo escultor Xoán Oliveira, o crítico Camilo Franco, a arquitecta Mariam Lebreiro, o profesor e escultor Fernando Casás, e a licenciada en Belas Artes, Pilar Rodal. Por outra parte, a fundación Xoán Piñeiro estableceu unha bolsa de traballo e investigación, para a que quedou seleccionado Xosé Mª Ortiz. ♦

■ En Monforte celebran a I Mostra de Cinema

Do 23 ao 31 de Outubro desenvólvese en Monforte a I Mostra de Cinema, que organizan os responsábeis do cine club "A Calexa". Os multicines Hollywood acollerán as proxeccións de

Richard Farnsworth, protagonista de *Unha historia Verdadeira*.

O talento de Mr. Ripley, *Ataque verbal*, *Unha historia verdadeira* e *Os sen nome*, que terá como prólogo a curta de Héctor Diéguez, *Sandra*, rodada en Sober. As proxeccións comezan ás once da noite. Na xornada do 27 de Outubro pasarase as curtametraxes *Última estación* e *O Aquelarte na Casa da Cultura*. ♦



■ Cria o clube de jazz Ardora no Morrazo

Un fado de músicos e amadores da música de jazz veñen de criar no Morrazo o clube "Ardora", como asociación cultural de ámbito galego. Esta asociación, que contra cunha sección adicada á mocidade, pretende organizar concertos, audicións, seminarios, conferencias, proxeccións de libros e discos e intercambios de músicos. O primeiro concerto organizado pola asociación vai ter lugar o Venres 27 de Outubro no *Café Teatro do Real* en Moaña con Abe Rábade Trio, que ven de gañar o 2º premio do concurso aberto que organiza o Festival Internacional de Jazz de Getxo. Todos os primeiros Venres de cada mes realizarán un encontro neste café-teatro no que se poderá asistir a audicións, tertulias e proxeccións. No primeiro Venres de Novembro está prevista unha audición sobre as Big Bands dos anos trinta e o documental "A música do díaño" que trata do impacto do primeiro jazz na sociedade estadounidense. "Ardora", que conta con cincuenta sócios, está presidida por Xico Peña Villar. ♦